



## ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 30 de xaneiro de 2019**

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 23 de xaneiro de 2019.
2. Concédese licenza de obras para a construción dunha piscina de 9,50 m, un muro de peche de granito cunha altura máxima de 2,10 m axustado á aliñación cun portal para vehículos e outro para peóns, pavimentación no interior da parcela e instalación dun hórreo novo sobre soleira de formigón, na parcela sita na Brea 22-B, Marín.
3. Adxúdicase o contrato de obras de “Mellora e renovación do alumeadado público exterior A Brea-Ameal”, á empresa “Proxecta Obras e Servizos, S.L.”. por importe de 33.926,17 euros, e unha duración de 45 días, financiada con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
4. Adxúdicase o contrato de obras de “Sistema de retención e desbaste automático de sólidos no bombeo de augas residuais de Loira I”, á empresa “Aquanor Aguas del Noroeste, S.L.”, por importe de 65.236,81 euros, e unha duración de 3 meses, financiada con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
5. Apróbase o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, das obras de “Reposición de pavimentos no rural de Marín, 2018”, cun orzamento base de licitación de 212.368,54 euros, cofinanciadas con cargo á subvención, por importe de 198.169,83 euros, ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
6. Dáse conta da concesión de subvención ó Concello de Marín, por importe de 136.523,91 euros, con destino ó financiamento das obras de “Renovación da rodadura da vía de praias (Aguete)”, con cargo ó Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
7. Apróbase a solicitude de subvención, por importe de 26.044,20 euros, para a contratación de persoas desempregadas ao abeiro do programa Aprox Rural 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
8. Dáse conta das bases reguladoras e convocatoria de subvencións destinadas á creación ou mellora de infraestruturas para o ano 2019, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.
9. Dáse conta das bases e convocatoria do programa “Depotermal” para o ano 2019, da Deputación de Pontevedra.
10. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300026C2F00Q1J7B2O3G719 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>DOCUMENTO 20190158767</b>
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 06/02/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 06/02/2019 14:36:48	Fecha: 06/02/2019 Hora: 14:36



ILTMO. CONCELLO DE MARÍN

1. Dáse conta das bases das axudas correspondentes ao “Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020”, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, correspondendo ao Concello de Marín a cantidade de 40.567euros.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

Avda. de Ourense s/n, 36900 Marín (Pontevedra) - Teléfono 986 880 300 - Fax 986 882 013 - [www.marin.es](http://www.marin.es)

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300026C2F00Q1J7B2O3G719 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>DOCUMENTO 20190158767</b>
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 06/02/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 06/02/2019 14:36:48	Fecha: 06/02/2019 Hora: 14:36